

Permisos, licenzas, reducións de xornada e excedencias

accidente e falecemento

Modificacións e novos permisos no sector público

Divide en dous o actual permiso de falecemento, accidente ou enfermidade de familiar.

O de falecemento queda como xa estaba e no de accidente ou enfermidade incorporan á persoa convivente aínda que non exista relación de consanguinidade ou afinidade e deixa de depender da residencia da persoa.

• **accidente ou enfermidade de familiar:**

- 1º grao ou convivente: 5 días
- 2º grao: 4 días

• **falecemento:**

- 1º grao:
 - mesma localidade: 3 días hábiles
 - diferente localidade: 5 días hábiles
- 2º grao:
 - mesma localidade: 2 días hábiles
 - diferente localidade: 4 días hábiles

No **permiso** até agora denominado de **matrimonio** queda expresamente recollida a parella de feito. Isto non implica ningún cambio ao respecto do que se viña facendo xa.

Crean un novo **permiso parenta!** para o coidado de fillo, filla ou persoa menor acollida (neste caso por un tempo superior a un ano) de **8 semanas**.

Pendente de ser recollido na Lei 2/2015 de emprego público de Galiza, estas son as condicións que figuran no Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP).

- Dereito intransferíbel e do que poden gozar ambas persoas proxenitoras, adoptantes ou acolledoras.
- Suxeito ás necesidades do servizo.
- As semanas poden ser continuas ou descontinuas.
- A duración mínima en caso de ser fraccionado é unha semana.
- Debe solicitarse cada período de goce con 15 días de antelación.
- O goce pode ser a tempo total ou parcial

Permisos, licenzas, reducións de xornada e excedencias

nacemento e coidados

Modificacións nos permisos de nacemento e coidados

As modificacións destes permisos no EBEP, aínda que se teñen que trasladar posteriormente á Lei 2/2015 de emprego público de Galiza, aplícanse a partir do 31 de xullo de 2025, incluído.

Nai biolóxica, persoa adoptante/acolledora ou persoa trans xestante: 22 semanas

- 6 semanas ininterrompidas inmediatamente posteriores ao nacemento ou adopción/acollemento, obrigatorias. Terán que gozarse a xornada completa.
- 14 semanas que poderán distribuírse en períodos semanais a gozar de forma acumulada ou interrompida e exercitarse desde a finalización do descanso obrigatorio posterior ao parto ata que o fillo ou a filla cumpra doce meses.
- *2 semanas, para o coidado da crianza que poderán distribuírse en períodos semanais de forma acumulada ou interrompida ata que o fillo ou filla cumpra os oito anos.

Outra persoa proxenitora diferente da nai biolóxica ou da persoa trans xestante: 19 semanas

- 6 semanas ininterrompidas inmediatamente posteriores ao nacemento ou adopción/acollemento, obrigatorias. Terán que gozarse a xornada completa.
- 11 semanas, que poderán distribuírse en períodos semanais a desfrutar de forma acumulada ou interrompida e exercitarse desde a finalización do descanso obrigatorio posterior ao nacemento ata que o fillo ou filla cumpra doce meses.
- *2 semanas, para o coidado da crianza que poderán distribuírse en períodos semanais de forma acumulada ou interrompida ata que o fillo ou filla cumpra os oito anos.

Familia monomarental/monoparental: 32 semanas

- 6 semanas ininterrompidas inmediatamente posteriores ao nacemento ou adopción/acollemento, obrigatorias. Terán que gozarse a xornada completa.
- 22 semanas que poderán distribuírse en períodos semanais a desfrutar de forma acumulada ou interrompida e exercitarse desde a finalización do descanso obrigatorio posterior ao parto ata que o fillo ou filla cumpra doce meses.
- *4 semanas para o coidado da crianza que poderán distribuírse en períodos semanais de forma acumulada ou interrompida ata que o fillo ou filla cumpra os oito anos.

***Corresponden aos nacementos/adopcións/acollementos producidos a partir do 2 de agosto de 2024, pero só poderán solicitarse con carácter retroactivo a partir do 1 de xaneiro de 2026.** Pese á reclamación da CIG-Ensino a Consellaría non está a concedelas se xa se gozou da totalidade do permiso (aínda que no momento da solicitude non houbera opción de goza las despois do ano de idade da crianza)

Consideracións xerais:

- Son dereitos individuais, sen que poida transferirse o seu exercido.
- No caso de goce interrompido, para cada período de goce, requirirase un aviso previa de polo menos quince días, realizarase por semanas completas e deixa de ser requisito para fraccionar o permiso que estean traballando, de ha belas, as dúas persoas proxenitoras na data do parto.
- No caso de adopción e acollemento, as semanas comezan a contar a partir da resolución administrativa ou xudicial, a escoller. Se ambas persoas adoptantes/acolledoras traballan para a administración pública galega a unha concédenselle 22 semanas e á outra 19.
- No caso de crianza con discapacidade aumentarase unha semana máis para cada persoa proxenitora, dúas en caso de monomarentalidade/parentalidade.
- No caso de parto prematuro ou hospitalización do neonato a continuación do parto, ampliarase en tantos días como dure a hospitalización ate un máximo de 13 semanas adicionais.
- No caso de parto, adopción ou acollemento múltiple, unha semana máis para cada persoa proxenitora por cada crianza a partir da segunda. Se é monomarental/monoparental serán dúas semanas máis por crianza.